

Cairón

BOLETÍN DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

Nº 8. MARZO
DE 2025

O CONFLITO DE ALTRI

- A liberdade da auga
Por Joaquín Araújo
- O impacto na saúde dos veciños e traballadores do proxecto GAMA
Por Sonia Villapol Salgado
- O confronto de dúas xeografías: o espazo banal e de recursos fronte ao espazo vivo e de resistencia no conflito de Altri
Por Rubén Camilo Lois González
- Outono roubado. Ensaio sobre ambiente, territorio e paisaxe a través do caso Altri
Por Horacio García
- A paisaxe emocional do Camiño de Santiago na Ulloa
Por Francisco Pardo Teijeiro
- Todo o que cabe nun queixo, nun xerro, nun iogur
Por Ana Escariz Pérez



HISTORIA

- Xénese e consolidación dos concellos constitucionais da Ulloa
Por Fernando Salgado
- Segundo fragmento de «Amoixa. Memoria dos cincuenta». *Por Pepe do Xastre*

PATRIMONIO

- Arredor da toponimia maior do concello de Antas de Ulla
Por Andrea Santiso Arias
- Historias de cultura en Antas de Ulla
Por Patricia Coucheiro

CREACIÓN

- Tres poemas
Por Adela Figueroa Panisse
- A Ulloa berra non
Por Paco Ledo
- Terra!
Por Toño Núñez
- Un conto inventado ou non
Por Pablo Coucheiro Rodríguez

UN CONTO INVENTADO OU NON¹

/ PABLO COUCHEIRO RODRÍGUEZ

Un día calquera, Pepiño atópase coma sempre a sombra dun carballo. Leva puchos de palla, zapatillas de deporte, pantalóns curtos e camiseta da Festa da Xuventude V edición. E pensaredes que non leva nada máis, pero se coñecerades a Pepiño, saberíades que sempre pero sempre leva un libro con el. Quizais vos preguntedes quen é Pepiño. Pois Pepiño son eu. E coma un libro non me dura máis de 4 días, xa lle dixen á señorita da biblio: «Vaime traendo máis libros que xa pronto os remato».

A historia que vos vou contar sucedeu aquí, na Comarca onde eu vivo, un lugar con ríos e bosques cheos de vida e un aire que dá gusto respirar. Diría que ata alimenta.

Todo comezou fai tres meses. Recórdoos pola gran treboada que aconteceu ese día. Foi a noitiña e aínda chovía. Foi entón cando un lóstrego iluminou a aquel home. Gabardina longa, lentes, e sombreiro, non puiden ver nada máis, só que entraba na pousada da vila. Ao día seguinte erguínme tarde, e cando fun polo pan xa todos na vila falaban del. Polo que lles escoitei, ese home quería mercar as terras que estaban situadas arredor do río, seica nos ía a traer o progreso á vila e dicían que ofrecía moreas de cartos. Cheguei á casa para comer e na mesa estaban a falar do tema. Meu pai dicía que un señor quería mercar a alameda que tiñamos

[1] Unha versión previa deste relato foi premio no Certame das Letras Galegas da biblioteca de Antas de Ulla e accésit a nivel provincial.

preto do río. Miña nai dudaba se venderlla ou non e meu avó o mesmo. Eu pregunteilles se sabían para que quería esas terras o home da gabardina, pero ninguén sabía nada. Saín fóra e vino entrar nunha tenda. Aproveitei a ocasión. Corrín cara a pousada onde el se hospedaba. Preguntei pola súa habitación, dixéronme que era a 117. Fun rápido e vin que a súa porta estaba aberta porque lle andaban limpando a habitación. Coleime sixilosamente e agocheime debaixo da cama. Cando Carmiña que era a que habitualmente limpaba na pousada marchou, saín do meu agocho e púxenme a remexer nas súas cousas. Así foi como descubrín o gran segredo.

Entre os papeis había un mapa onde aparecía a nosa Comarca e nel estaba debuxada unha autopista cunha gran ponte que atravesaba o río. Seguin lendo e... non podía crer todo o que alí poñía!! Non podía ser!! Resulta que nun futuro non moi afastado querían construír unha celulosa na nosa Comarca!! Estaba todo claro. Por iso querían as nosas terras. Para facer a autopista e conectar a celulosa coas grandes ciudades da nosa comunidade. Recordei entón todos os libros que lera na biblioteca sobre a natureza e cos que aprendín que un cambio tan drástico no entorno, sería a destrucción do ecosistema do río, xa nada sería o mesmo: animais, insectos, flores, plantas e ábores... Acabarían desaparecendo. Como se pode comparar a beleza de unha libélula sobrevoando pola beira do río, a uns coches botando fume por riba da ponte!!!

Rapidamente funlo contar a o meu avó e a meus pais. Eles fixeron correr a voz e poucas horas despois, xa todo o mundo se enterara. Reunidos todos estabana dacordo en non vender as súas terras e protexer a dúa Comarca.

Todos felicitaron a Pepiño, porque grazas á súa curiosidade e sabiduría, evitaron o fin da súa Comarca.



CAIRÓN

Boletín do Instituto
de Estudos Ulloáns
nº 8. Marzo 2025

COORDINA

Daniel Salgado

ESCRIBEN, FOTOGRAFAN
E DEBUXAN

Joaquín Araújo
Sonia Villapol Salgado
Rubén Camilo Lois González
Horacio García
Francisco Pardo Teijeiro
Ana Escariz Pérez
Fernando Salgado
Pepe do Xastre
Andrea Santiso Arias
Patricia Coucheiro
Adela Figueroa Panisse
Paco Ledo
Toño Núñez
Pablo Coucheiro Rodríguez
Eduardo Eirago
Ana G. Liste
Antonio Pérez Casas
Xulio Cuba Orosa

GRÁFICA

Laboratorio Numax

PRELO

Agencia Gráfica

ISSN: 2603-8471
DEP. LEGAL: LU 32-2017
Monterroso, 2025

